

**Resolución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, durante o curso 2020/21.**

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades. No seu artigo 22 determina que a educación secundaria obrigatoria organizárase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado, correspondéndolle ás Administracións educativas regular as medidas de atención á diversidade. Entre estas medidas contemplárase a integración de materias en ámbitos e programas de tratamento personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre outras.

Igualmente, considera que a educación secundaria obrigatoria debe combinar o principio dunha educación común coa atención á diversidade do alumnado, permitindo aos centros a adopción das medidas organizativas e curriculares que resulten máis adecuadas ás características do seu alumnado, de maneira flexible e en uso da súa autonomía pedagóxica.

Ao abeiro do artigo 7.2 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, establécese que os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

Na etapa de educación secundaria o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determina no artigo 18 que, coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a educación primaria e o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, a consellería con competencias en materia de educación e, de ser o caso, os centros docentes, poderán agrupar as materias do primeiro curso en ámbitos de coñecemento.



Asemade, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, determina no artigo 15 que entre as medidas de reforzo poderá considerarse, entre outras, o apoio no grupo ordinario.

Neste sentido, a iniciativa ARCO trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan organizar os recursos de forma que se facilite ao alumnado o logro dos obxectivos e a consecución das competencias clave, cun enfoque globalizado e interdisciplinar a través de continuos procesos de mellora favorecendo o máximo desenvolvemento das capacidades, a formación integral e a igualdade de oportunidades.

Por isto, esta Consellería desenvolve nos centros educativos accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación para continuar traballando polo fomento do éxito escolar e a prevención do absentismo e o abandono escolar temperá. Esta iniciativa comprende tres liñas que interveñen en diferentes niveis da educación primaria e secundaria e cuxa finalidade é acadar o máximo desenvolvemento persoal, profesional, social, intelectual e emocional de todo o alumnado.

A iniciativa, dirixida a alumnado matriculado en centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, consta das seguintes liñas que desenvolverán axustes educativos dentro da aula ordinaria, co obxecto de favorecer a súa participación no grupo-clase e a consecución do máximo desenvolvemento emocional, intelectual, social e profesional de todo o alumnado:

1. LIÑA 1, dirixido a alumnado de 4º, 5º e 6º de educación primaria.
2. LIÑA 2, dirixido a alumnado de 1º ESO.
3. LIÑA 3, dirixido a alumnado de 4º ESO.

Esta iniciativa será financiada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e cofinanciada polo Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación FSE Galicia 2014-2020 .

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral

RESOLVE:

### **Primeiro. Obxecto**

A presente resolución ten por obxecto:

1. Regular a implantación, organización e desenvolvemento de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación (ARCO) cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (en adiante FSE) a través do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación 2014-2020 do Ministerio de Educación e Formación Profesional durante o curso escolar 2020/21.



2. Establecer o procedemento e os criterios para realizar a selección dos centros, en concorrencia competitiva, que participarán en ARCO para o curso escolar 2020/21 nas liñas que se indican a continuación, co fin de desenvolver medidas de inclusión educativa en función das necesidades detectadas a partir da autonomía organizativa do centro:

- 2.1. LIÑA 1, dirixida a alumnado de 4º, 5º e 6º de educación primaria.
- 2.2. LIÑA 2, dirixida a alumnado de 1º ESO.
- 2.3. LIÑA 3, dirixida a alumnado de 4º ESO.

### **Segundo. *Ámbito de aplicación***

1. Poderán participar nesta convocatoria os seguintes centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:

- a) Centros de educación infantil e primaria.
- b) Centros de educación primaria.
- c) Centros públicos integrados.
- d) Institutos de educación secundaria.

### **Terceiro. *Obxectivos***

En función das liñas que o integre, as accións de ARCO terán os seguintes obxectivos comúns:

- a) Apoiar o alumnado para a mellora do rendemento académico.
- b) Mellorar o éxito escolar, reducir e previr o abandono educativo temperán do alumnado que cursa as ensinanzas obrigatorias.
- c) Xerar un clima de aprendizaxe que favoreza o traballo en equipo, cooperativo e/ou por proxectos.
- d) Diminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar e acadar os obxectivos do seu nivel educativo.
- e) Xerar contornas de aprendizaxe que favorezan a interacción, o traballo colaborativo e a aplicación de metodoloxías cooperativas, individualizadas, activas, flexibles e participativas que melloren o desenvolvemento das competencias clave do alumnado.
- f) Desenvolver modelos curriculares máis competenciais, interdisciplinares e participativos.
- g) Impulsar a aplicación de cambios organizativos e metodolóxicos que permitan o seguimento personalizado das súas competencias.

### **Cuarto. *Destinatarios e obxecto de cada liña***

1. Liña 1 para 4º, 5º e 6º de educación primaria:



a) Esta liña ten por obxecto:

- I. Preparar o alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria para a súa promoción á ESO mediante o desenvolvemento das competencias clave e mellora dos resultados académicos.
- II. Reforzar mediante apoios o uso de metodoloxías activas e participativas, así como a aplicación de medidas organizativas ao alumnado que presente perfil absentista ademais de especial dificultade nas competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia aprender a aprender e competencias sociais e cívicas, ou presente áreas non superadas de cursos anteriores, prioritariamente as de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Matemáticas, ou que precise medidas de inclusión e axustes educativos dentro da aula ordinaria.

2. Liña 2 para 1º de ESO:

a) Esta liña ten por obxecto:

- I. Apoiar e reforzar o alumnado de 1º ESO para o desenvolvemento das competencias clave e mellora dos resultados académicos.
- II. Reforzar o alumnado con perfil absentista que permanece un ano máis en 1º ESO, ou que presente especial dificultade nas competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia aprender a aprender e a competencias sociais e cívicas, ou presente áreas non superadas da educación primaria, prioritariamente, as de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Matemáticas, mediante apoios, o uso de metodoloxías activas e participativas, así como a aplicación doutras medidas organizativas na aula.

3. Liña 3 para 4º ESO:

a) Esta liña ten por obxecto:

- I. Apoiar e reforzar o alumnado de 4º ESO e especialmente o alumnado procedente de PMAR para o desenvolvemento das competencias clave e favorecer a consecución dos obxectivos da etapa.
- II. Reforzar o desenvolvemento das competencias clave e a mellora dos resultados académicos, mediante apoios e o uso de metodoloxías activas e participativas, así como medidas organizativas destinadas ao alumnado con perfil absentista de 4º ESO, alumnado que provén de grupos de 2º de



PMAR, alumnado repetidor, alumnado que promociona por imperativo legal, alumnado matriculado en 4º ESO sen superar materias de niveis anteriores e/ou que presenta especial dificultade nas competencias en comunicación lingüística, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, aprender a aprender e sociais e cívicas.

Todas as liñas desenvolveranse en horario lectivo na aula ordinaria. Con todo, cara o curso 2020/21 terase en conta a previsión dos posibles escenarios que se puideran dar en función da situación sanitaria (actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou posibles períodos de confinamento) que permitan organizar e desenvolverlas adaptadas a cada escenario.

### **Quinto. Dotación das liñas**

1. Destinarase un total de 221 docentes a media xornada para o desenvolvemento da Liña 1, sendo un (1) o número máximo de mestres e mestras a asignar a cada centro seleccionado.

Con carácter xeral asignarase un/ha docente das especialidades de educación primaria ou pedagogía terapéutica a media xornada.

Para a dotación dos recursos humanos considerárase, en función dos recursos dispoñibles, o perfil solicitado polo centro segundo as súas prioridades, xunto cos criterios da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

2. Destinarase un total de 161 docentes a media xornada para o desenvolvemento da Liña 2, sendo un (1) o número máximo para cada centro seleccionado. Excepcionalmente, para aqueles centros que agrupen as materias de 1º ESO en ámbitos, poderase dotar con dous docentes a media xornada, un para cada ámbito de coñecemento.

Prevese a dotación para reforzo da competencia en comunicación lingüística, a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia aprender a aprender e as competencias sociais e cívicas con profesorado dos ámbitos lingüístico e social (profesorado de ensino secundario dalgunha das seguintes especialidades: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, lingua inglesa e francesa e xeografía e historia) e matemático e científico (profesorado de ensino secundario dalgunha das seguintes especialidades: matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía e tecnoloxía), así como, profesorado da especialidade de pedagogía terapéutica.

Para a dotación dos recursos humanos considerárase, segundo os recursos dispoñibles, o perfil solicitado polo centro segundo as súas prioridades, xunto cos criterios da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

3. Destinarase un total de 161 docentes a media xornada para o desenvolvemento da Liña 3, sendo un (1) o número máximo para cada centro seleccionado. Excepcionalmente para



aqueles centros que realicen agrupamentos específicos de alumnado en 4º ESO, poderase dotar con dous docentes a media xornada, un por cada ámbito de coñecemento.

Prevese a dotación para reforzo das especialidades vinculadas aos ámbitos lingüístico e social (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, lingua inglesa e francesa e xeografía e historia) e matemático e científico (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía e tecnoloxía).

Para a dotación dos recursos humanos considerárase, segundo os recursos dispoñibles, o perfil solicitado polo centro segundo as súas prioridades, xunto cos criterios da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

4. Os centros docentes que impartan toda a etapa da ESO poderán optar á incorporación tanto na Liña 2 como na Liña 3.

5. O profesorado destinado a cada liña deberá atender soamente o alumnado asignado á devandita liña, de modo que un/unha docente contratado/a a media xornada só poderá atender o alumnado asignado á liña pola que foi contratado.

6. Naqueles casos nos que o perfil docente solicitado polos centros coincida para a Liña 2 e a Liña 3, e lle foran concedidas ambas, contratarase un único docente a xornada completa para desenvolver as dúas liñas. No caso dos centros que agrupen as materias de 1º ESO en ámbitos e fagan agrupamentos específicos en 4º ESO, de serlles concedidas a Liña 2 e a Liña 3, contratarase un docente a xornada completa para cada ámbito de coñecemento de cada liña.

### **Sexto. Comisión de selección.**

1. Para a valoración das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de selección coa seguinte composición:

a) Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado, ou persoa en quen delegue.

b) Vogais: a persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo; a persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Humanos; a persoa titular da Subdirección Xeral de Centros; a persoa titular da xefatura de Servizo Territorial de Inspección Educativa de cada provincia; a persoa titular da xefatura do Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa, e dúas persoas asesoras do Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa.

c) Secretaría: unha persoa asesora da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa designada pola presidencia da Comisión de selección.





3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, tanto os vogais como a persoa secretaria poderán ser substituídos por persoal funcionario en quen se delegue.

4. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para efectos de verificación, seguimento e valoración de solicitudes, elaboración de informes sobre a iniciativa ARCO e xestión das operacións e os gastos asociados.

5. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

### **Sétimo. Criterios de selección dos centros**

1. A selección dos centros docentes participantes nas accións de ARCO establécese en réxime de concorrencia competitiva.

2. A Liña 1 para 4º, 5º e 6º de educación primaria asignarase aos centros en función dos seguintes criterios:

a) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria que promocionou de 3º, 4º e/ou 5º con algunha área non superada, ata un máximo de 22 puntos.

Asignarase 22 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe deste perfil de alumnado, en relación ao alumnado matriculado en cada un dos niveis mencionados. E 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

b) Porcentaxe de alumnado repetidor matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria no curso 2020/21, ata un máximo de 22 puntos.

Asignarase 22 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe deste perfil de alumnado, en relación ao alumnado matriculado en cada un dos niveis mencionados. E 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

c) Porcentaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 4º, 5º e 6º de primaria, ata un máximo de 16,5 puntos.

Asignarase 16,5 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe deste perfil de alumnado, en relación ao alumnado matriculado en cada un dos niveis mencionados. E 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.



d) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria con avaliación negativa na materia de Matemáticas no curso 2019/20, ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa na área de Matemáticas e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

e) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria con avaliación negativa na área de Lingua galega e literatura (en adiante LGL) no curso 2019/20, ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa na área de LGL e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

f) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria con avaliación negativa na área de Lingua castelá e literatura (en adiante LCL) no curso 2019/20, ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa na área de LCL e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

g) Centros que escolarizan 20 ou máis alumnos e alumnas por grupo tanto en 4º como en 5º e en 6º curso: 0,5 puntos.

É condición imprescindible para a adxudicación da Liña 1 que o centro conte cun mínimo de 5 alumnos e alumnas susceptibles de incorporación á devandita liña.

3. A Liña 2 para 1º ESO asignarase aos centros en función dos seguintes criterios:

a) Porcentaxe de alumnado matriculado en 1º ESO que non superou todas as áreas na convocatoria ordinaria de xuño no curso pasado, ata un máximo de 22 puntos.

Asignarase 22 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe deste perfil de alumnado e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

b) Porcentaxe de alumnado repetidor matriculado en 1º ESO no curso 2020/21, ata un máximo de 22 puntos.





Asignarase 22 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado repetidor matriculado en 1º ESO e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

c) Porcentaxe de alumnado matriculado en 1º ESO con necesidades específicas de apoio educativo ata un máximo de 17 puntos.

Asignarase 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 1º ESO e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

d) Porcentaxe de alumnado matriculado en 1º ESO con avaliación negativa na materia de Matemáticas no curso 2019/20 ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado matriculado en 1º ESO con avaliación negativa na materia de Matemáticas no curso 2019/20 e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

e) Porcentaxe de alumnado matriculado en 1º ESO con avaliación negativa na materia de LGL no curso 2019/20 ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado matriculado en 1º ESO con avaliación negativa na materia de LGL no curso 2019/20 e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

f) Porcentaxe de alumnado matriculado en 1º ESO con avaliación negativa na materia de LCL no curso 2019/20 ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado matriculado en 1º ESO con avaliación negativa na materia de LCL no curso 2019/20 e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

É condición imprescindible para a adxudicación da Liña 2 que o centro conte cun mínimo de 5 alumnos e alumnas susceptibles de incorporación á devandita liña.

4. A Liña 3 para 4º ESO asignarase aos centros en función dos seguintes criterios:

a) Os centros que no curso 2019/20 tiveron un grupo de PMAR en terceiro da ESO: 16 puntos.



b) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO que non superou todas as materias na convocatoria ordinaria no curso 2019/20, ata un máximo de 16 puntos.

Asignarase 16 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado deste perfil e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

c) Porcentaxe de alumnado repetidor matriculado en 4º ESO no curso 2020/21, ata un máximo de 16 puntos.

Asignarase 16 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado repetidor matriculado en 4º de ESO e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

d) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO con necesidades específicas de apoio educativo no curso 2020/21, ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO con necesidades específicas de apoio educativo e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

e) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO con avaliación negativa na materia de Matemáticas no curso 2019/20 ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO con avaliación negativa na materia de Matemáticas no curso 2019/20 e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

f) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO con avaliación negativa na materia de LGL no curso 2019/20 ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO con avaliación negativa na materia de LGL no curso 2019/20 e 0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

g) Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO con avaliación negativa na materia de LCL no curso 2019/20 ata un máximo de 13 puntos.

Asignarase 13 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado matriculado en 4º ESO con avaliación negativa na materia de LCL no curso 2019/20 e



0 puntos, ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

É condición imprescindible para a adxudicación da Liña 3 que o centro conte cun mínimo de 5 alumnos e alumnas susceptibles de incorporación á devandita liña.

5. A puntuación total de cada centro será a suma das puntuacións parciais asignadas en cada apartado correspondente ás liñas solicitadas, axustada á centésima máis próxima. Para obter as puntuacións de cada centro solicitante, os centros utilizarán os datos rexistrados no programa de xestión educativa XADE e no DRDADI a data 11 de setembro de 2020.

6. En cada unha das liñas, se existise igualdade de puntuación asignada a dous ou máis centros e necesidade de desempate, seleccionárase aquel centro que obteña maior puntuación nos distintos apartados dos criterios expostos para cada liña, segundo a orde establecida en cada un deles.

#### **Oitavo. Procedemento para a selección dos centros**

1. Unha vez rematado o proceso de valoración das solicitudes, a comisión de selección emitirá un informe no que conste o resultado da valoración final efectuada.

2. Á vista do informe, a comisión de selección formulará a correspondente proposta de resolución provisional á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e publicarase a resolución provisional de centros seleccionados que se difundirá no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e no apartado *Documentación* da páxina web de ARCO (<http://www.edu.xunta.gal/portal/arco/>).

4. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de tres días hábiles para efectuar reclamacións e/ou renuncias, dirixidas á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A), xunto coa documentación complementaria. Para a presentación das reclamacións ou renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Finalizado o prazo de reclamacións e renuncias, e unha vez revisadas e resoltas estas, a comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### **Noveno. Resolución**



1. Á vista do proposta definitiva da comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ditará resolución definitiva.
2. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e no apartado *Documentación* da páxina web de ARCO (<http://www.edu.xunta.gal/portal/arco/>).
3. Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
5. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa comunicará aos centros a autorización para o comezo da/s liña/s unha vez asignados os recursos correspondentes a cada centro.

#### **Décimo. Proceso e prazo de solicitude**

1. Todo o procedemento de solicitude realizarase unicamente na aplicación [www.edu.xunta.es/programaseducativos](http://www.edu.xunta.es/programaseducativos). A persoa que exerza a función da dirección do centro ou persoa autorizada será quen terá todos os permisos de creación da solicitude.
2. Presentada a solicitude, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírirase o solicitante para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.
3. A solicitude de participación nas accións de ARCO será aprobada pola dirección do centro, previa información ao claustro e ao consello escolar.
4. A solicitude será informada polo servizo territorial de inspección educativa correspondente.
5. O prazo de presentación será dende o día 7 de setembro de 2020 ata o 25 de setembro de 2020, ambos incluídos.
6. Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por medios distintos ao anteriormente sinalado e/ou fóra do prazo establecido.
7. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.



### **Undécimo. Obrigas do centro docente**

Os centros docentes seleccionados deberán:

1. Asumir o compromiso de poñer en marcha a/as liña/s solicitadas e concedidas nos termos establecidos na presente Resolución.
2. Cumprir coas obrigas derivadas do cofinanciamento polo Fondo Social Europeo e con calquera outra que poida ser de aplicación.
3. Cumprir as instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa referentes á xestión do programa, que se publicarán na páxina web de ARCO (<http://www.edu.xunta.gal/portal/arco/>).
4. Avaliar as accións e realizar un seguimento periódico das actuacións previstas nel, con carácter trimestral, e reflectir documentalmente as circunstancias e os resultados acadados nunha memoria final.
5. Tanto o equipo directivo como o profesorado implicado terán que participar tanto nas actividades de formación que se planifiquen dende a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, como en calquera outra que a Administración educativa estableza.
6. Xestionar e custodiar a documentación necesaria para a xustificación da/s liña/s, consonte co que estableza a Administración educativa.
7. Os beneficiarios comprométese a asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FSE de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013).
8. Os beneficiarios comprométese a tomar todas as medidas necesarias para garantir o apoio, reforzo de competencias e orientación do alumnado seleccionado para cada unha das liñas, en calquera dos escenarios de formación posibles derivados da situación sanitaria ou doutra índole.

### **Duodécimo. Actuacións para o desenvolvemento das accións de ARCO**

1. A selección do alumnado, preferentemente con perfil absentista, que participará nas distintas liñas debe realizala o equipo docente baixo a coordinación do titor ou titora do grupo e en coordinación co equipo directivo e a/s persoa/s orientadora/s do centro, levantando acta da reunión realizada a tal efecto.
2. Planificación da intervención no centro docente:
  - a) Recollerase a planificación e a avaliación da/s liña/s correspondente/s na Programación Xeral Anual (en adiante PXA) así como na memoria final. Se a PXA xa estivera aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro en ARCO.



- b) Informarase as familias do alumnado seleccionado da participación dos/das seus/súas fillos/as no programa, sendo os titores e as titoras os/as responsables de trasladar dita información.
- c) A intervención directa co alumnado deberase integrar no horario lectivo semanal do grupo-clase e o seu obxectivo centrarase no traballo e mellora do rendemento académico do alumnado obxecto desta resolución.
- d) Empregaranse metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas.
- e) A avaliación do alumnado será realizada polos docentes que imparten ensinanzas ao alumnado, oídas as valoracións do/a docente asignado/a a ARCO, e desenvolverase de acordo coa lexislación vixente.

### 3. Participación do profesorado nas distintas liñas:

- a) O persoal docente asignado considerarase membro do claustro e, polo tanto, debe participar nel tendo en conta os seus dereitos e obrigas como docente.
- b) O horario complementario empregarse para a coordinación docente, participación nas sesións do claustro, coordinación co equipo docente de cada grupo e co departamento de orientación, actividades formativas propostas polo centro e/ou a Administración educativa, así como a atención e coordinación coas familias en colaboración coa persoa titora do grupo, baixo as directrices da xefatura de estudos.
- c) O profesorado asignado cubrirá na aplicación de ARCO a memoria para a súa inclusión na memoria do centro, especificando os aspectos máis relevantes do desenvolvemento do programa, xunto cunha valoración dos seus resultados. Así mesmo, asinará toda a documentación vinculada ao financiamento por parte do FSE.
- d) O profesorado asignado realizará o reforzo unicamente ao alumnado seleccionado en cada grupo-clase para participar na Iniciativa ARCO. Este alumnado non poderá superar a terceira parte do alumnado total matriculado nese grupo.

### **Décimo terceiro. Seguimento e avaliación**

1. A inspección educativa realizará, ao longo do curso académico, a supervisión do desenvolvemento destas actuacións e o asesoramento que estime oportuno para garantir o adecuado funcionamento destas.
2. Corresponde á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a realización do asesoramento e apoio necesario para a implantación e desenvolvemento desta iniciativa.





3. O equipo directivo do centro garantirá o correcto desenvolvemento das accións de ARCO conforme o proceso de seguimento e avaliación interna previsto e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou titores/as legais, así como ás institucións que participan nel.

A avaliación realizada polo centro docente reflectirase na memoria establecida no apartado 12.3.c) que, ademais de servir para dar conta ante a comunidade educativa, incorporarase á memoria anual do centro. Esta memoria cubrirase directamente na aplicación no prazo establecido ao efecto, non sendo necesario enviala por ningún outro medio.

#### **Décimo cuarto. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da cartafol do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/o entidades que participan nesta iniciativa no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

En Santiago de Compostela

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

